



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE INTERCAMBIO DE MERCADORÍAS NA PARCELA SU-3 DO PXOM, NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promotor e órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2022AAE2723

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O concello de Santiago dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 01.09.2008. Este PXOM non foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica, xa que o 16.04.2009 a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible resolveu a inviabilidade de sometelo a dito procedemento.
- 2 O 29.09.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM" (en diante PEID ou Plan). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
- 3 O 03.10.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 O artigo 28 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) permite realizar construcións en solo urbanizable sen aprobación previa da ordenación detallada no caso de se executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas.
- 2 A LSG e mais o seu Regulamento (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 3 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.



- 4 Conforme o artigo 75.3 da LSG, o órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 5 A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan especial

Obxecto: definir as condicións urbanísticas para a implantación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías ao servizo da cidade histórica de Santiago de Compostela.

Ámbito de actuación: terreos situados ao norte da cidade de Santiago de Compostela, ao noroeste do polígono industrial do Tambre, lindeiros coas instalacións de Mercagalicía.

Abrangue o sistema xeral no ámbito SU-3 (servizos urbanos) de ampliación de Mercagalicía, que o PXOM delimita dentro do solo urbanizable non delimitado industrial SUND-30 *Polígono do Tambre Norte*, e mais o sistema viario local que serve de acceso.

Superficie: 78.006,56 m²



Ámbito do plan

Alternativas: no documento ambiental estratéxico só se formularon dúas alternativas, a cero que sería non desenvolver o plan e a alternativa 1 (seleccionada) que coincide coa proposta de localizar o centro loxístico no ámbito do SU-3 mediante a tramitación dun plan especial de infraestruturas e dotacións.




O promotor xustifica o emprazamento seleccionado pola proximidade con Mercagalicia (punto de referencia na cidade e en Galicia para a comercialización e distribución de produtos frescos) e a súa conexión directa coas vías de comunicación que conectan coas principais cidades galegas.

Proposta:

Establécese como criterio xeral racionalizar os fluxos de entrada e saída dos camións e vehículos lixeiros de redistribución, de xeito que interfiran o mínimo posible sobre o sistema viario existente e sobre a contorna.

O borrador prevé catro zonas de ordenación que organizan funcionalmente a parcela. Na zona central proxéctanse dúas áreas de movemento da edificación que albergarán as futuras edificacións (cunha altura máxima de 12 m) e arredor destas sitúanse os espazos libres da parcela (destinados á circulación, manobra e estacionamento dos vehículos, localizar as infraestruturas de servizos necesarias e posible conexión coa parcela de MercaGalicia). Ao oeste sitúase o viario existente e previsto para acceso á parcela, e ao norte e ao leste propónse unha área de amortecemento onde os terreos manteranse en estado natural con arborado.

Prevese desenvolver a actuación en dúas etapas, que se concretarán na estratexia de actuación do Plan e se executarán axustándose ás necesidades da actividade, garantindo a dispoñibilidade dos servizos urbanísticos necesarios para o seu funcionamento. O abastecemento e saneamento resolverase coa conexión ás redes exteriores existentes.



Extractos dos planos de ordenación: 03-Fases de execución e 04-Zonificación (proposta non vinculante)

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito emprázase ao noroeste da cidade de Santiago de Compostela, nunha zona na que se mesturan usos industriais e rústicos. Linda co actual polígono industrial do Tambre e comprende terreos que no PXOM están destinados á súa ampliación.

No extremo norte existe unha nave industrial dedicada á xestión de vehículos fóra de uso. Linda polo sur con Mercagalicia e polo leste con terreos rústicos ocupados principalmente por masas arboradas.





O ámbito presenta unha topografía bastante chá, porén, no límite sur existe un importante desnivel coa parcela limítrofe, situada a unha cota superior e separada por un muro de contención.

O asentamento de poboación mais próximo é Paradela (a uns 100 m ao sueste), desde onde resulta visible o ámbito, limitado en parte polo arborado existente.

O solo do ámbito está ocupado por prados, matogueira e masas arboradas con presenza de especies autóctonas e plantacións forestais de piñeiro e eucalipto.

Fóra do ámbito (uns 100 m ao norte) nace un rego innominado que conflúe cara o norte no rego Salgueiro (ou rego da Rexidoira), afluente do río Tambre.

Ao suroeste do ámbito (a máis de 150 m) atópase a Mámoa da Boca do Lobo (GA15078008), ben cultural recollido no catálogo do PXOM e que na actualidade se atopa rodeado de vivendas residenciais e naves industriais.

O ámbito está ben comunicado coa rede viaria existente a través da estrada lindeira (vía de la Cierva), pola que se accede ao polígono do Tambre e enlaza con distintas estradas da rede xeral. Ademais, linda polo norte co *Cinturón Orbital Vrins-N-550* previsto no PXOM para mellorar as conexións viarias na zona (estradas N-550, A-54 e AP-9) e a mobilidade entre as zonas industriais e comerciais en Santiago.

Na contorna existen redes de servizos urbanos (abastecemento, saneamento, electricidade, etc.). A auga para abastecemento do polígono procede dunha captación no río Tambre.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador do PEID e mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do Plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Sinala que o PXOM considera o vial de acceso á plataforma loxística como vía de tipo V, polo que en solo rústico terá unha sección mínima total de 12 m entre límites de propiedade (art. 131 do PXOM).

Instituto de Estudos do Territorio:

Considera que o plan non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deberá incorporar as determinacións do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de





protección da paisaxe de Galicia (RLPPG) e das Directrices da paisaxe. Neste sentido sinala que o estudo de paisaxe presentado pode considerarse abondo para os efectos do artigo 35 do RLPPG pero as medidas correctoras deberán completarse tendo en conta as determinacións das directrices DX.06 e DX.10, en particular: nas condicións para a ordenación do ámbito deberá terse en conta a directriz DX.10.b.10; nas zonas verdes das áreas de amortecemento terase en conta a epígrafe 4) do apartado b) da Directriz de paisaxe D.X.10. Recomenda consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial preténdese posibilitar a implantación dun centro loxístico de distribución de mercadorías a carón de Mercagalicia, no Polígono do Tambre. A elección do emprazamento está motivada fundamentalmente pola proximidade a Mercagalicia e pola boa conexión coas principais vías de comunicación exterior.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados.

O desenvolvemento do PEID terá efectos positivos sobre a mobilidade no centro histórico de Santiago, ao liberalo dunha parte importante do tráfico actual de vehículos.

Non se agardan efectos significativos en canto á ocupación do solo, ao tratase dun ámbito destinado xa no PXOM a ser transformado urbanisticamente. O borrador prevé o emprego de pavimentos filtrantes e mantemento de parte dos terreos en estado natural, o que contribuirá positivamente a reducir a impermeabilización do solo.

A previsión de dúas fases de desenvolvemento da actuación favorecerá un consumo do solo gradual e adaptado ás necesidades en función da demanda, o cal valórase positivamente.

O Plan pode producir unha certa incidencia sobre a paisaxe rural da contorna, que non resultará significativa dado que a parcela atópase ao carón do actual polígono industrial do Tambre, nunha zona que está previsto no futuro colmatar con máis desenvolvementos industriais. A previsión dunha zona arborada no borde leste da parcela favorecerá a integración na paisaxe das instalacións e contribuirá a minimizar o impacto visual desde a contorna.

Tampouco se agardan efectos significativos sobre o patrimonio natural, o patrimonio cultural nin sobre o ciclo hídrico.

En conclusión, non se agardan efectos ambientais significativos co desenvolvemento do plan.





PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e a análise cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM”.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
(asinado con sinatura dixital)

Conforme:

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado con sinatura dixital)

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o “Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM”, no concello de Santiago de Compostela, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remítirase ao Concello de Santiago de Compostela xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan especial no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

